



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POR O PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE MARZO DE 2021.**

En Laxe, sendo as 21:00 horas do día 25 de marzo 2021, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o 1º tenente de Alcalde Francisco Charlín Oróns presidindo o Pleno, por substitución do Alcalde en virtude da Resolución de Alcaldía de data 22 de marzo de 2021, nº 142/2021 e os concelleiros:

Dña Raquel Lema Allo (PP)  
Don Diego Soto Pereiro (PP)  
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)  
Dña Sandra Mouzo Pose (PP)

Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE)  
Dña. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)  
Dña. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)  
D. Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

D. Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)  
Non asiste D. José Luis Pérez Añón por baixa por enfermidade.  
Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión por a Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na orde do día.

#### **A) PARTE RESOLUTIVA**

##### **1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, BORRADORES ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE 28/01/2021, 04/02/2021 e 11/02/2021.**

Dase conta das actas das sesión de 28/01/2021, 04/02/2021 e 11/02/2021, para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Seguidamente, non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **BORRADOR ACTA 28/01/2021**

**VOTOS A FAVOR: 10** [5 do PP(Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dna Sandra Mouzo Pose) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dona Bárbara Varela Álvarez, Dna. Consuelo Lemus Insua e D. Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (D. Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

### **BORRADOR ACTA 04/02/2021**

**VOTOS A FAVOR: 10** [5 do PP(Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dna Sandra Mouzo Pose) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dona Bárbara Varela Álvarez, Dna. Consuelo Lemus Insua e D. Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (D. Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

### **BORRADOR ACTA 11/02/2021**

**VOTOS A FAVOR: 10** [5 do PP(Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dna Sandra Mouzo Pose) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dona Bárbara Varela Álvarez, Dna. Consuelo Lemus Insua e D. Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (D. Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

## **2.- ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)**

Dase conta da proposta de Alcaldía, e dase unha breve explicación do expediente.

Intervén o representante do BNG e integrante do Grupo mixto D. Xosé Manuel Pose Lema, manifestando o seu desacordo coa proposta, dando lectura ao escrito que traslada a secretaria para a súa transcripción:

*“Da a sensación que con esta proposta de que ao novo servizo técnico urbanístico do concello, executado por unha empresa de Santa Comba, non lle gusta que se lle colen “memorias valoradas” nas que, para que non se lle esixa moito á veciñanza*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*casi sempre aparece a apareciación OBRA MENOR, CAMBIO DE CUBERTA ou algo similar.*

*Con esta proposta da alcaldía semella que prefiren pedirlle un proxecto visado a calquera veciño/a que teña que cambiar unhas tellas ou algo similar de carácter menoe e POÑELOS EN MÁIS GASTOS, mesmo semella que se persegue a desaparición do termo OBRA MENOR da ordenanza do ICICIO, máis a obra menor existe e está regulada no Código Técnico de Edificación, polo que isto de “esta Alcaldía considera convinte para unha maior seguridade xurídica, introducir os seguintes cambios ...” ao noso xuízo, NON TEN MOITO SENTIDO.*

*De feito o anexo I-Definicións do Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia, indica textualmente “Obras menores: aquelas obras de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e dos servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten ao deseño exterior, á cementación, á estrutura ou ás condicións da habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase.”*

Intervén o voceiro do PSdeG-PSOE Don José Manuel Mouzo Castiñeira, dicindo que as veces costa mais o proxecto que a propia obra.

A petición do 1ª Tenente de Alcalde a Secretaria brevemente explica o contido da proposta  
Tras breves intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 5** [5 do PP(Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dna Sandra Mouzo Pose)]. **VOTOS EN CONTRA: 1** [1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (D. Xosé Manuel Pose Lema)].

**ABSTENCIÓNS: 4** [4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dona Bárbara Varela Álvarez e Dna. Consuelo Lemus Insua e D. Fabián José Romar Lema)].

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Suprimir a diferenza que consta no Anexo da mencionada ordenanza, no que se refire a diferenza entre licenzas de obra maior e menor

**SEGUNDO.-** Modificar o artigo 1 - Feito Impoñible da Ordenanza fiscal núm. 2 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) deste concello, quedando redactado do seguinte xeito:

*Este imposto é un tributo indirecto, e o seu feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivera ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa,*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*sempre que a súa expedición ou a actividade de control corresponda a este Concello.*

### **3.-CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE**

Dase conta do borrador de criterios de asignación da produtividade presentada por Alcaldía e que se transcribe de seguido:

#### **“BORRADOR DE CRITERIOS PARA A ASIGNACIÓN INDIVIDUALIZADA DO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE NO CONCELLO DE LAXE**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, no seu artigo 23.3 c), recolleu un concepto de produtividade destinado a «...retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo», nun intento de que as distintas Administracións articulasen mecanismos para incentivar aos funcionarios públicos cara á consecución de determinados obxectivos, que aínda que están vinculados coas funcións desempeñadas respecto dos seus postos de traballo, non son as propias dos referidos postos, pois estas xa atopan a súa retribución noutros conceptos como o soldo ou o complemento específico.*

*Neste marco, o Estatuto Básico do Empregado Público fixou, como factores a ter en conta polas distintas Comunidades Autónomas á hora de desenvolver o denominado complemento de produtividade, «o grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultado obtido». No mesmo sentido se refire o artigo 5.1 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos Funcionarios de Administración Local: “O complemento de produtividade está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo”.*

*O Real Decreto 861/1986, tamén dispón no artigos 5.5 que “Corresponde ao Pleno de cada Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7,2,b), desta norma” eno 5.6 que “Corresponde ao Alcalde ou ao Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxeción aos criterios que no seu caso establececese o Pleno, sen prexuízo das delegacións que poida conferir conforme ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril”.*

*Todo iso vén xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo con iso a obrigación das Administracións Públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

### ARTIGO 1. Ámbito e Obxecto

1. É obxecto do presente Regulamento a regulación da cuantificación e xestión do Complemento de Produtividade, en atención aos principios recollidos no artigo 24 c) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e en artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, que aproba o Réxime de Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, determinando os criterios de distribución da contía global destinada polo Pleno desta Administración Pública a retribuír o referido Complemento.

2. O presente Regulamento é de aplicación ao seguinte persoal ao servizo do Concello de Laxe:

— Funcionarios de carreira.

— Funcionarios interinos.

— Persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal.

3. O complemento de produtividade está destinado a retribuír o grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o funcionario desempeña o seu traballo, tal e como establece o artigo 24 c) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

4. En ningún caso a percepción deste Complemento implicará dereito algún ao seu mantemento.

### ARTIGO 2. Do Complemento de produtividade e os seus conceptos

1. O Complemento de Produtividade descrito no artigo 5.2 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, está destinado a retribuír coa máxima obxectividade o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o traballador desempeña o seu traballo, para unha maior e mellor calidade na prestación do servizo, e á vez servir de motivación a aqueles empregados públicos cuxa actitude no desempeño do seu traballo sexa máis favorable.

2. Enténdese por rendemento no desempeño, a obtención, polo empregado público afectado, do resultado esperado, con proporción entre devandito resultado obtido e os medios empregados para a súa consecución.

### ARTIGO 3. Cuantificación do Complemento de Produtividade

1. A contía total destinada a este complemento será determinada anualmente, polo Pleno, no correspondente



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

orçamento municipal, e a asignación individual que será distribuída entre os empregados previstos no artigo 1.2 do presente Regulamento e conforme aos criterios de reparto previstos no artigo 6 do presente Regulamento, corresponderá á Alcaldía.

O importe máximo que poderán percibir os empregados públicos municipais durante o período de avaliación e o valor de cada punto recibido na avaliación mensual, serán:

Funcionarios- Laborais	Valor de cada punto
Grupo A1	25€
Grupo A2	21,25€
Grupo C1	18,75 €
Grupo C2	12,50 €
Grupo E	7,5 €

2. As cantidades destinadas a produtividade sufrirán un incremento anual igual á porcentaxe que se fixe pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

### ARTIGO 4. Criterios para a cuantificación do Complemento de Produtividade

As contías do complemento de produtividade asignaranse de acordo cos seguintes criterios, que incluírán unha puntuación de 1 a 5 puntos, sendo 25 puntos o 100% da contía individual máxima a percibir por cada empregado cada período de avaliación que será mensual.

1. *Iniciativa-achegas:* Medirá a proposta de solucións ou achegas para a superación ou solución dos problemas xerados no curso do traballo, deseño de documentos ou procedementos administrativos ou de traballo, fluxos de traballo, mantemento administrativo (configuración, parametrización...) contribución á creación dunha cultura organizativa de boa Administración... etc
2. *Carga de traballo non propia:* Carga de traballo soportada pola ausencia do persoal do mesmo ou distinto Departamento, xa se trate de absentismo xustificado ou de absentismo non xustificado e non fose efectuada substitución, xa se trate de existencia de praza vacante non desempeñada. Así como tarefas alleas á súa propio posto que se asuman voluntariamente.
3. *Actividade extraordinaria:* Medirá a contribución extraordinaria en relación co traballo (en ningún caso se computará se dita actividade foi indemnizada mediante compensación por horas extraordinarias).
4. *Redución de tempos e de custos, organización e control:* Medirá a redución nos tempos de traballo e nos custos, tramitacións, atención de partes de traballo ou similar que garde unha relación directa cos cambios operados na organización polo método de traballo analizado así como as melloras na organización e nas ferramentas de control de expedientes, bases de datos, patrimonio, etc.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

5. *Calidade dos traballos: Medirá o grao de calidade dos traballos, xa sexan de contido manual ou intelectual en termos de grao de axuste ás prescricións que lle resulten de aplicación e á integración de técnicas de modernización e calidade.*

*O Alcalde ou concelleiro responsable da área en que preste os seus servizos o traballador respectivo, poderá solicitar os informes que estime oportunos do Xefe da área se o houbese, interesando que se cualifique o especial rendemento, actividade extraordinaria e iniciativa de cada traballador de forma global. Naqueles departamentos que non houbese, será o propio Concelleiro Delegado ou Alcalde o que realice o informe.*

*Os informes axustaranse ao modelo contido no ANEXO I, ao obxecto de velar pola máxima obxectividade na aplicación dos presentes criterios e serán elevados á Alcaldía, quen resolverá sobre a asignación individual.*

### ARTIGO 5. Supostos especiais

— Produtividade en Permisos, Vacacións e Licenzas:

*O Complemento de Produtividade, durante o goce de calquera dos permisos, licenzas ou períodos vacacionais a que tivesen dereito os empregados públicos sinalados no artigo 1.2 do presente Regulamento, será cuantificado con arranxo ás regras determinadas nos artigos precedentes.*

— Produtividade en situación de teletraballo ou traballo a distancia:

*O Complemento de Produtividade, durante o tempo de desempeño das funcións laborais mediante o teletraballo ou traballo a distancia, será cuantificado con arranxo ás regras determinadas nos artigos precedentes, poñendo especial énfase no cumprimento dos obxectivos programados polo responsable.*

— Produtividade en situación de incapacidade temporal e excedencias:

*Os funcionarios en situación de incapacidade temporal ou en excedencia, calquera que for a súa causa, non percibirán a produtividade que lles correspondería en función das regras contidas nos artigos precedentes, dado que non existe a posibilidade de avaliar o desempeño do traballo, descontándose os períodos de ausencia nos postos de traballo de forma proporcional directa, tendo en conta que en cada semestre se traballan 132 días.*

### ARTIGO 6. Xestión do Complemento de Produtividade

*O órgano de determinación, xestión e control do Complemento de Produtividade dos empregados públicos ao servizo do Concello, é o Alcalde Presidente ou Concelleiro no que aquel delegase as competencias en materia de Recursos Humanos, quen desempeñará este labor en atención ás valoracións parciais realizadas, no seu caso, polos Concelleiros Delegados das distintas Áreas respecto do seu persoal.*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### ARTIGO 7. Devindicación e Abono

O complemento de produtividade devindicarase con carácter mensual. O pagamento realizarase na nómina do mes seguinte ao da finalización do período correspondente.

No caso de empregados temporais cun contrato de duración inferior a seis meses, o complemento de produtividade devindicará na última nómina que perciban, e asignaráselle dito complemento de forma proporcional directa, tendo en conta que en cada semestre se traballan 132 días.

### ARTIGO 8. Procedemento de Concesión do Complemento

1. O expediente de asignación de produtividade incluírá os seguintes documentos :

– Memoria do Alcalde ou Concelleiro no que se relacionen as avaliacións individuais dos empregados conforme o

ANEXO I.

– Informe de Intervención sobre existencia e reserva de crédito.

– Resolución de Alcaldía autorizando e fixando a contía do complemento de produtividade; a data de inicio e de finalización dos seus efectos.

– Notificación da Resolución ao interesado, ao servizo de persoal, a intervención e a tesouraría.

### DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Esta regulación entrará en vigor a partir da súa aprobación polo Pleno da Corporación Local.

### DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou resulten incompatibles con estes criterios.

ANEXO I

### **AVALIACIÓN PARA A ASIGNACIÓN DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE**

**NOME E APELIDOS EMPREGADO/A:**



**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

<b>POSTO:</b>		<b>GRUPO:</b>					
<b>DÍAS DE AUSENCIA POR I.T. OU NON TRABALLADOS NO SEMESTRE:</b>							
<b>PARÁMETROS</b>		<b>VALORACIÓN (RISCAR CUN X)</b>					
		<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>PUNTO S</b>
<b>1</b>	<i>Iniciativa-achegas</i>						
<b>2</b>	<i>Carga de traballo non propia</i>						
<b>3</b>	<i>Actividade extraordinaria</i>						
<b>4</b>	<i>Redución de tempos e de custos, organización e control</i>						
<b>5</b>	<i>Calidade dos traballos</i>						
<b>TOTAL PUNTOS</b>							
<b>VALOR DE CADA PUNTO</b>							
<b>TOTAL EN EUROS DO COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE</b>							
<b>Descrición doutros parámetros valorados, no seu caso:</b>							
<b>Sinatura do Alcalde ou concelleiro de área:</b>							

*Nota: sinalar cun X a puntuación asignada a cada parámetro, sendo 0 puntos, a ausencia de X nalgún parámetro.  
Laxe (22-03-2021)  
O ALCALDE”*

Intervén o voceiro do PSdeG-PSOE Don José Manuel Mouzo Castiñeira, preguntando si a produtividade e o mesmo que as horas extras.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Don Francisco Charlín Oróns, contéstalle que non.

O voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que entende que non debería pagarse produtividade por facer un traballo que non lle corresponde dentro do propio horario de traballo.

Don Francisco Charlín Oróns, manifesta que agora a proposta é a de aprobar os criterios de fixación.

Intervén Xosé Manuel Pose Lema manifestando que a proposta parécelle ambigua e que non debería darse dentro do propio horario de traballo produtividade a un traballador por facer o seu traballo.

Tras breves intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 5** [5 do PP(Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dna Sandra Mouzo Pose)].

**VOTOS EN CONTRA: 5** [4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dona Bárbara Varela Álvarez e Dna. Consuelo Lemus Insua e D. Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (D. Xosé Manuel Pose Lema)].

**ABSTENCIÓNS: 0**

Por aplicación do art. 100 do ROF procédese a unha segunda votación, persistindo o empate entra o voto de calidade do Presidente, polo que é aprobado o presente acordo por

**VOTOS A FAVOR: 6** [5 do PP(Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dna Sandra Mouzo Pose)].

**VOTOS EN CONTRA: 5** [4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dona Bárbara Varela Álvarez e Dna. Consuelo Lemus Insua e D. Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (D. Xosé Manuel Pose Lema)].

**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO**:

Aprobar os criterios para a asignación individualizada do complemento de produtividade neste Concello de Laxe dacordo coa proposta presentada.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **4.-MOCIÓNS PRESENTADAS POR GRUPOS MUNICIPALES.**

#### **4.1. Moción do Bloque Nacionalista Galego (BNG) sobre os Parques Eólicos de MONTE CHAN e PENA DOS MOUROS**

**Registro de Entrada núm. 20210000000286, de data 26/02/2021**

“Xosé Manuel Pose Lema, con DNI 76356607B, en calidade de concelleiro-portavoz do Bloque Nacionalista Galego (BNG) adscrito ao grupo mixto, ao abeiro do art.97.3 do RD 2569/86 (ROF) presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno Ordinario Municipal da Corporación de Laxe, a seguinte MOCION sobre os Parques Eólicos de MONTE CHAN e PENA DOS MOUROS

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Con data 11/01/2021, EDP Renovables España S.L.U., presenta ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia a documentación de inicio do procedemento de avaliación de impacto ambiental dos Parques Eólicos Monte Chan e Pena dos Mouros, nos términos municipais de Laxe, Vimianzo e Camariñas, para a súa exposición pública.

A instalación de parques eólicos na contorna dos Penedos de Pasarela e Traba suporía un dano IRREPARABLE para esta Paisaxe Protexida, canto máis a ubicación dos 3 aeroxeradores moi preto da Cachucha (1) e tamén da Torre da Moa (2), tal e como se indica na memoria presentada pola empresa.

Máis, ao noso xuízo, danse moitas máis VULNERACIÓNS GRAVES en ámbolos dous parques e que procedemos a enumerar:

#### **PENA DOS MOUROS**

1.- Vulneración flagrante da Directiva Europea 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2: 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

“Artigo 6: 1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión,específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.

2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.

3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.

2.- Impactos ambientais severos.

2.1 Afección aos recursos hídricos:

O ámbito do parque eólico Pena dous Mouros sitúase na confluencia de tres concas: as concas costeiras (verten directamente ao mar) de Costa da Morte e Río de Traba; e unha interior, a do Río Grande. Na Enseada de Sabadelle concorren tres regos principais: o de Albariza, da Señora e de Sabadelle; mentres que o rego de Camelle faino na enseada do mesmo nome. Outros cursos de auga non permanentes baixan polas ladeiras de pendentes máis pronunciadas.

Na conca do río de Traba, o río que lle dá nome chega á chaira costeira, antes do cordón de dunas da praia de Traba, no lugar onde se forma a lagoa de Traba. A ela chega tamén o arroio do río Vao, que continúa a chaira litoral cara ao sueste.

Na conca do río Grande figuran pequenos arrosios que van configurando o rego dous Muíños e o río Carantoña, afluentes directos do río Grande.

2.2 Afección paisaxística severa:

O elemento do parque eólico que se atopa máis próximo á ZEC Costa da Morte e ZEPA Costa da Morte Norte é a torre meteorolóxica, situada a 630 m de distancia. O aeroxerador máis próximo é o PDM-03 e sitúase a 890m.

Respecto á paisaxe protexida de Penedos de Pasarela e Traba o elemento máis próximo é o aeroxerador PDM-07 e atópase a 975m.

2.3 Afección severa á Rede Natura: Na contorna do parque eólico desenvólvese igualmente unha elevada diversidade de biótotos ou ambientes, entre os que destacan os incluídos na ZEC de Costa da Morte e a ZEPA Costa da Morte Norte. Respecto a as Zonas de protección da avifauna, as máis próximas coinciden coa delimitación da ZEPA de Costa da Morte Norte. Os espazos naturais protexidos máis próximos e afectados son:

- Costa da Morte Zona de especial protección dos valores naturais (ZPVN) TMP- PDM a 630m
- Zona especial de conservación (ZEC) PDM-03 a 890m
- Costa da Morte Norte Zona de especial protección dos valores naturais (ZPVN) TMP- PDM a 630m
- Zona especial de protección de aves (ZEPA) PDM-03 a 890m



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- Penedos de Pasarela e Traba Paisaxe protexida - PDM-07 a 975m

### 2.4 Afección severa a Humidais:

\*Pena Tellada - Turbeiras Altas - aeroxenerador PDM-03 a 60 m e TMP- PDM a 30 m

\*O Relanzo - Turbeiras Altas PDM-04 a 320 m

\*Camelle - Marismas e esteiros mareais; inclúe marismas e pradarias halófilas, zonas asolagadas por auga salgada, zonas de auga doce e salobre asolagadas pola marea - PDM-02 a 800 m

\*Os Muíños 2.6.2.4. Pantanos/ esteiros/charcas estacionais/intermitentes de auga doce sobre sós inorgánicos; inclúe depresións asolagadas (lagoas de carga e recarga), pradarias asolagadas estacionalmente, pantanos de ciperáceas, - PDM-07 a 880 m

A máis afectada polo parque eólico sería a área de turbeiras altas de Pena Tellada, sobre todo durante a fase de obras.

### 2.5 Afección severa a Áreas de Interés Ambiental (AIA):

O PXOM de Laxe identifica e delimita as Áreas de interese ambiental. Entre elas está a AIA.2 Penedos de Traba. O estudo de sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico destaca os seus valores xeomorfolóxicos e paisaxísticos. Os aeroxeneradores PDM-04 e PDM-06 e a súa contorna inmediata estarían incluídos na delimitación desta AIA.

2.6 Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres:

- 4030 Brezais secos europeos, valorado como non prioritario.
- 4030 Vexetación pioneira sobre roquedos silíceos, valorado como non prioritario pero si ambos os dous de interese comunitario

4.- A prevalencia da protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

“Artigo 2. Principios. Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da geodiversidad mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.

c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

e) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

f) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

### PARQUE DE MONTE CHAN

1.- Vulneración flagrante da Directiva Europea 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2:

2.1 A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2.2 As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

“Artigo 6

6.1 Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.

6.2 Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.

6.3 Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.

2.- Afección ambiental e paisaxística severa aos Penedos de Pasarela e Traba

Por Resolución do 18 de abril de 2008, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, acordábase iniciar o procedemento de declaración da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba (Vimianzo e Laxe, provincia da Coruña), así como someter a información pública o proxecto de decreto polo que se declaraba.

Con anterioridade o Parlamento de Galicia, o día 15 de marzo de 2006, aprobou por unanimidade unha proposición non de lei



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

pola que se instaba o Goberno de Galicia á incoación do expediente de declaración dos Penedos de Pasarela e Traba como espazo natural protexido.

Naquela época a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia dicía literalmente: “... débese manter a integridade dos valores xeomorfolóxicos presentes na zona dos Penedos de Pasarela e Traba, que constitúen un conxunto de elevacións graníticas situadas no noroeste do país, en plena Costa da Morte, entre os concellos de Vimianzo e Laxe. A paisaxe dos penedos constrúe un conxunto singular formando unha dorsal que se estende desde A Cachucha ata Torre da Moa, pasando pola Pena Forcada, formando un impresionante fondo visible tanto desde a localidade de Pasarela como, dun xeito especial, desde a área de Traba. Situados desde o areal que pecha a lagoa, pódese contemplar unha das paisaxes máis fermosas da costa de Galicia. Os penedos indícanos a súa relación, por unha banda, con longos procesos de tipo tectónico durante o cal as rochas foron fracturadas, erguidas ou fundidas; por outra, o papel que na súa xénese tiveron os climas do pasado, as condicións climáticas máis quentes e húmidas que facilitaron a formación de profundas capas de alteración. Por iso, os penedos non son só pedras que se poden esnaquizar, son o froito dunha longa e complexa evolución xeodinámica. O resultado dela é un conxunto de formas de diferente tamaño que se encadean en relación a diferentes parámetros e xeran un escenario singular. Os penedos resaltan na paisaxe e a Pena Forcada e a Torre da Moa son os dous elementos máis visibles, a modo de agullas. A escala de detalle encadéase un conxunto de mesoformas, realmente extraordinario, no que é posible admirar tanto formas zoomórficas como xeométricas ou antrópicas, en calquera caso dun gran valor. Incluso a escala de detalle podemos encontrar microformas moi significativas.

Non cabe dúbida de que os penedos de Pasarela forman parte do patrimonio natural de Galicia cunha complexa asociación de formas xeolóxicas que reúnen un valor especial pola importancia dos seus valores científicos, culturais e paisaxísticos, polo que cómpre fomentar o seu coñecemento.

Estes recursos naturais necesitan dunha protección que asegure a súa conservación compatible co uso público e co disfrute da natureza deste espazo, tal e como se sinala na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Posteriormente o Decreto 294/2008, de 11 de decembro, declaraba como Paisaxe Protexida aos Penedos de Pasarela e Traba (DOG Núm. 7, do 12 de xaneiro de 2009).

O ámbito do PE Monte Chan localízase principalmente en dúas unidades de paisaxe definidas no POL: Traba e Val de Soesto. Os viais interiores discorren tamén pola unidade dos Penedos de Pasarela.

O ámbito de implantación do PE de Monte Chan englobase na súa práctica totalidade nas unidades de paisaxe delimitadas no Plan de ordenación do litoral (POL) denominadas “Traba”, “Val de Soesto” e “Os Penedos de Pasarela”.

Dous dos aeroxeradores máis ao sur da infraestrutura eólica emprázanse na contorna de “Os Penedos de Pasarela”, un dos monumentos graníticos máis importantes de Galicia que destaca pola gran variedade de formas e de microformas, tanto de tipo antropomórfico como zoomórfico, que converten este lugar nun destino moi interesante desde o punto de vista paisaxístico e ambiental. Ademais da inclusión do CHN-08 na paisaxe protexida de Penedos de Pasarela e Traba, o CHN-09



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

atópase próximo ao (90 m).

A protección e conservación do noso patrimonio natural é un mandato recollido no artigo 45 da Constitución española vixente e unha necesidade para asegurar a supervivencia dos nosos ecosistemas.

3.- Impactos ambientais severos.

3.1 Afección paisaxística severa:

O ámbito do PE Monte Chan localízase principalmente en dúas unidades de paisaxe definidas no POL: Traba e Val de Soesto. Os viais interiores discorren tamén pola unidade dos Penedos de Pasarela.

O ámbito de implantación do PE de Monte Chan englobase na súa práctica totalidade nas unidades de paisaxe delimitadas no Plan de ordenación do litoral (POL) denominadas “Traba”, “Val de Soesto” e “Os Penedos de Pasarela e Traba”.

Dous dos aeroxeradores máis ao sur da infraestrutura eólica emprázanse na contorna de “Os Penedos de Pasarela e Traba”, un dos monumentos graníticos máis importantes de Galicia que destaca pola gran variedade de formas e de microformas, tanto de tipo antropomórfico como zoomórfico, que converten este lugar nun destino moi interesante desde o punto de vista paisaxístico e ambiental. Ademais da inclusión do CHN-08 na paisaxe protexida de Penedos de Pasarela e Traba, o CHN-09 atópase próximo ao (90 m).

3.2 Afección severa á Rede Natura:

Na contorna do parque eólico desenvólvese igualmente unha elevada diversidade de biótopos ou ambientes, entre os que destacan os incluídos na ZEC de Costa da Morte e a ZEPA Costa da Morte Norte.

O elemento do parque eólico que se atopa máis próximo á ZEC Costa da Morte e ZEPA Costa da Morte Norte é a torre meteorolóxica, situada a 685 m de distancia. O aeroxerador máis próximo é o CHN-07 e sitúase a 940m.

3.3 Afección severa a Humidais:

Na contorna do ámbito de implantación do parque eólico atópanse as áreas identificadas no Inventario de Humidais:

1140183 Coto da Mina CHN-02 a 875 m

1110091 Os Muíños CHN-08 a 580m

3.4 Afección severa a Áreas de Interés Ambiental (AIA):

O PXOM de Laxe identifica e delimita as Áreas de interese ambiental. Entre elas, figuran identificadas en parte do ámbito de estudo o AIA.3 Torre dá Moa e o AIA 4. Monte dá Mina ou Coto da Lagoa. O estudo de sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico destaca especialmente os valores xeomorfolóxicos e paisaxísticos da AIA 3, incluíndo esta AIA a delimitación da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba no concello de Laxe. Os aeroxeradores CHN-07 e CHN-08 estarían incluídos na delimitación do AIA.3, estando o CHN-06 a 165m. Pola súa banda, o CHN-02 figuraría inxerido na AIA.4.

3.5 Plans de conservación e/ou recuperación de especies ameazadas vixentes:

Plan de conservación do chorlitejo patinegro ( *Charadrius alexandrinus* L.), aprobado mediante o Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro e polo plan de recuperación da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica*





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Steinbacher). Por outra banda, o Plan de xestión do lobo en Galicia inclúe o ámbito de estudo en dous dos seus tres tipos de zonas, coas implicacións que cada unha conleva: - Zona 1 (municipio de Vimianzo): É a zona prioritaria á hora de aplicar e fomentar as medidas de prevención dos danos producidos polo lobo. A Administración poderá realizar nesta zona unha planificación para controlar a poboación de lobo, despois dunha avaliación técnica dos danos sobre a cabana gandeira, da adopción de medidas preventivas, do grao de conflictividade social e do estado poboacional do lobo, que deberá ser obxecto de seguimento. Poderanse realizar ademais controis puntuais non previstos na planificación a solicitude das persoas afectadas polos ataques do lobo, no caso de danos recorrentes e tendo en conta os criterios establecidos a tal fin. - Zona 3 (municipio de Laxe): non se autorizarán controis salvo casos excepcionais que terán que estar especialmente xustificadas

4.- A prevalencia da protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

“Artigo 2. Principios. Son principios que inspiran esta lei:

- a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.
- b) A conservación e restauración da biodiversidade e da geodiversidad mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.
- c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.
- d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).
- f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.
- g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

POR TODO ISTO:

